



Ref. ACTAS

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA
(TENENTES DE ALCALDE)

De conformidade co disposto no artigo 23. da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e os artigos 46-1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais do 28 de novembro de 1986, e 62 e 63 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, aos tenentes de alcalde, como tales, correspóndelles substituír á Alcaldía e pola orde do seu nomeamento, nos casos de vacante, ausencia, enfermidade sendo libremente designados e removidos polo Alcalde de entre os membros da Xunta de Goberno Local.

Constituída a Xunta de Goberno Local e sendo precisa a designación de Tenentes de Alcalde de entre os seus compoñentes, segundo establece o artigo 21.2 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local 7/1985, RESOLVO:

Primeiro: Nomear Tenente de Alcalde ás/os Concelleiras/os:

1º Tenente de Alcalde: Dona TANIA GARCÍA SANMARTÍN

2º Tenente de Alcalde: D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

Segundo: Da presente resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre, notificándose ademais, persoalmente ós/as designados/as, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal: <http://sede.vilagarcia.gal>, conforme co disposto no artigo 6 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da presente resolución.

Así o acorda e dispón o Sr. Alcalde, ante min a Secretaria que dou fe.

Vilagarcía de Arousa, á data da sinatura dixital.

O Alcalde-Presidente

Ante min, a Secretaria

Alberto Varela Paz

Rosa Losada Suárez

Sinatura dixitalizada

Sinatura dixitalizada

